



Circular nº 5/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se desenvolve a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o curso 2010-2011.

Co fin de ditar as oportunas instrucións para dar cumprimento ao establecido na *Orde do 22 de abril de 2010* (DOG do 04/05/2010), pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e fixar o correspondente calendario do referido procedemento de reclamacións, convén ditar unha circular, que actualice os prazos previstos para o presente curso 2010/2011.

A tal fin e de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da *Orde do 22 de abril de 2010*, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións:

Primeira. Revisión das cualificacións.

1.- O procedemento fixado pola *Orde do 22 de abril de 2010* e pola presente circular refírese exclusivamente ás cualificacións finais obtidas nas materias de 2º curso de bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na convocatoria ordinaria e extraordinaria, contra as que se pode presentar reclamación nos termos establecidos no apartado 1 do artigo segundo da citada *Orde do 22 de abril de 2010*.

2.- De conformidade co expresado no apartado anterior, as reclamacións feitas polo alumnado de 2º curso sobre as cualificacións obtidas na materia ou materias pendentes de 1º curso deberán atenderse previamente, segundo o disposto na *Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se garante o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos* (BOE do 20/09/1995), norma de aplicación con carácter supletorio na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Reclamacións ante o centro.

a) Lugar e prazo de presentación.

As reclamacións contra as cualificacións finais obtidas nas materias de 2º curso de bacharelato presentaranse por escrito, no centro no que se cursaron, dirixidas á dirección do mesmo, nos seguintes prazos:



Convocatoria ordinaria: 25 e 26 de maio de 2011 (ata as 14 horas).

Convocatoria extraordinaria: 5 e 6 de setembro de 2011 (ata as 14 horas).

b) Resolución.

1. A resolución do departamento correspondente deberá ser motivada, para o que se terá en conta:

Na convocatoria ordinaria:

- O informe documentado do profesorado da materia.
- As avaliacións realizadas ao alumnado.
- Os exames e traballos realizados durante o curso.
- A programación didáctica.

Na convocatoria extraordinaria:

- O informe documentado do profesorado da materia.
- A correspondente proba.
- A programación didáctica.

2. Ademais, na resolución indicárase que contra a mesma o alumnado ou os seus representantes legais poden solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á comisión de supervisión, sinalando o prazo e lugar de presentación desa solicitude nos termos que figuran no apartado a) da instrución terceira desta circular.

3. O departamento emitirá un informe, que se remitirá así mesmo á comisión de supervisión, tal e como establece o apartado 3 do artigo segundo da Orde do 22 de abril de 2010, no que se recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise realizada das actuacións seguidas no proceso de avaliación e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión.

c) Notificación.

1.- A dirección do centro, ao establecer o calendario do presente procedemento, deberá fixar a data do acto no que se procederá a entregar aos/ás interesados/as a resolución do departamento, de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada.

2.- No devandito acto, o alumno ou a alumna, ou os seus representantes legais, asinarán unha copia da resolución na que se fará constar a data e hora de entrega. Nos casos de non comparecencia, o/a director/a estenderá a oportuna dilixencia indicando dita circunstancia.



d) Efectos.

No caso de que o departamento considerase procedente rectificar a cualificación reclamada e unha vez transcorrido o prazo de 24 horas, ao que se refire apartado a) da instrución terceira desta Circular, sen que o/a interesado/a manifestase o seu desexo de elevar a reclamación ante a comisión de supervisión, a dirección do centro ordenará formalmente dita rectificación, estendéndose a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do/a interesado/a, facéndose constar a data da resolución do departamento correspondente.

Terceira. Reclamacións ante a comisión de supervisión.

a) Lugar e prazo de presentación.

No prazo de 24 horas, contadas desde a notificación da resolución á que se refire o apartado c) da instrución segunda desta circular, o alumno ou alumna, ou os seus representantes legais, poden solicitar por escrito no centro, no que presentou a súa reclamación, que a dirección remita o expediente de reclamación á presidenta da comisión de supervisión.

b) Comunicación á comisión de supervisión.

Rematado o prazo ao que se refire o apartado a) desta instrución, a dirección comunicará á comisión de supervisión a relación de alumnado que presentou reclamación ante dita comisión, con indicación da materia ou materias obxecto de reclamación. Dita comunicación, dirixida á subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, pode facerse mediante correo electrónico (*inspeccion.educativa.sc@xunta.es*), ou por fax (981 546 550) indicando o seu carácter urgente e envarase co seguinte prazo:

Convocatoria ordinaria: antes das 18 horas do día 31 de maio de 2011

Convocatoria extraordinaria: antes das 19 horas do día 7 de setembro de 2011.

c) Confección do expediente de reclamación.

1.- Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno ou alumna e a unha soa materia.

2.- Os documentos que conforman cada expediente son os seguintes:

- Copia da reclamación razoada presentada polo alumno ou alumna, ou polos seus representantes legais.



- Escrito do alumno ou alumna, ou dos seus representantes legais, manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á comisión de supervisión.
- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión.
- Copia do informe do departamento que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise do proceso de avaliación realizada conforme aos puntos establecidos na Orde do 22 de abril de 2010 e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión, tal e como indica o apartado 3 do artigo segundo da citada orde.
- Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita revisión.
- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo do reclamante.
- Informe da dirección do centro no que conste a data de entrega das notas e a conveniencia ou non da estimación ou desestimación da reclamación, á vista da información adicional de que dispoña.

3.- No caso da convocatoria ordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesorado da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.
- Copia dos exames, traballos e demais material elaborado polo alumnado ao longo do curso na materia obxecto da reclamación.

4.- No caso da convocatoria extraordinaria, ademais dos documentos indicados no apartado 2 anterior, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesorado da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.
- Copia da citada proba extraordinaria.

d) Remisión do expediente.

Debido á **urxencia da recepción dos expedientes**, que deberán ser revisados e avaliados pola comisión de supervisión, co tempo suficiente para poder emitir unha resolución antes da matrícula na PAU, é preciso que a dirección do centro garanta o procedemento oportuno para que os expedientes de reclamación orixinais sexan recibidos pola comisión de supervisión, no seguinte enderezo e cos seguintes prazos:

Presidenta da comisión de supervisión de reclamacións de 2º de bacharelato.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



**(Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo)
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.**

Ed. Administrativo San Caetano. 15781 Santiago de Compostela

Convocatoria ordinaria: antes das 14 horas do día 1 de xuño de 2011

Convocatoria extraordinaria: antes das 14 horas do día 8 de setembro de 2011.

e) Resolución.

1.- A comisión de supervisión estará presidida pola subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e constituída por un inspector ou inspectora e unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, membro dos grupos de traballo na proba de acceso á universidade. A comisión estará asistida por unha subcomisión técnica especializada para que emita o informe correspondente.

2.- A presidenta da comisión de supervisión convocará aos membros correspondentes da subcomisión técnica, formada por un/unha inspector/a de Educación e un/unha profesor/a, preferentemente membros dos grupos de traballo das diferentes materias obxecto de exame na proba de acceso á universidade (PAU), afectados polas reclamacións presentadas, ou, no caso de reclamación a materias optativas que non son obxecto de exame na proba de acceso á universidade, convocaranse dúas persoas especialistas na materia en cuestión, para que emitan os correspondentes informes.

3.- A comisión de supervisión, á vista da documentación que obra no expediente e dos informes emitidos pola subcomisión técnica, resolverá no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes do inicio da proba de acceso á universidade.

f) Notificación.

1.- O acordo adoptado pola comisión de supervisión terá efectos plenos e deberá ser notificado ao/á interesado/a a través da dirección do centro e á Comisión Interuniversitaria de Galicia, no caso de que supoña que o alumnado pode realizar a PAU.

2.- Contra a resolución da comisión de supervisión, que esgota a vía administrativa, o interesado ou interesada, ou os seus representantes legais, poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Su-



perior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme ao disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

g) Efectos.

No caso de que a comisión de supervisión considerase procedente rectificar a cualificación reclamada, a dirección do centro ordenará formalmente dita rectificación, estendéndose a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do interesado ou interesada, facéndose constar a data da resolución da comisión de supervisión.

Cuarta.- Publicidade.

As direccións dos centros públicos e privados nos que se imparte bacharelato adoptarán as medidas precisas para que todo o alumnado de 2º de bacharelato coñeza o contido desta circular.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2011

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



José Luís Mira Lema

XFES/AS TERRITORIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

XFES/AS DOS SERVIZOS PROVINCIAIS DE INSPECCIÓN EDUCATIVA.

DIRECTORES/AS DOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS NOS QUE SE IMPARTE BACHARELATO.